

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL E MARIÑO

14986 *Real decreto 1220/2011, do 5 de setembro, polo que se modifica o Real decreto 289/2003, do 7 de marzo, sobre comercialización dos materiais forestais de reprodución.*

O Real decreto 289/2003, do 7 de marzo, sobre comercialización dos materiais forestais de reprodución, recolleu a lexislación nacional previa na materia e incorporou ao ordenamento xurídico interno a normativa comunitaria integrada pola Directiva 1999/105/CE do Consello, do 22 de decembro de 1999, sobre comercialización dos materiais forestais de reprodución, en que se derrogan as directivas 66/404/CEE do Consello, do 14 de xuño de 1966, relativa á comercialización dos materiais forestais de reprodución e as súas modificacións, así como a Directiva 71/161/CEE do Consello, relativa ás normas de calidade exterior dos materiais forestais de reprodución comercializados na comunidade e as súas modificacións.

Tendo en conta que o material forestal de reprodución é determinante nos programas de reforestación, é conveniente que a súa produción estea sometida aos mesmos requisitos que os exixidos para a súa comercialización.

Considerando as atribucións establecidas na Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes, e, en particular, o artigo 54 relativo a recursos xenéticos forestais, e co fin de simplificar os trámites que a Dirección Xeral de Medio Natural e Política Forestal realiza sobre o Rexistro e o Catálogo nacional de materiais de base, procede modificar algúns aspectos do real decreto máis arriba citado.

Co fin de adaptar o real decreto que se modifica á Lei 30/2006, do 26 de xullo, de sementes, plantas de viveiro e recursos fitoxenéticos, especialmente no relativo ao Rexistro de Produtores e á estrutura orgánica básica do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño.

A presente norma responde igualmente á necesidade de establecer un procedemento de autorización que permita a comercialización, por un período determinado, de materiais forestais de reprodución incluídos no anexo XII do real decreto mencionado anteriormente que satisfagan requisitos menos severos, así como regular a importación de países terceiros para as especies recollidas no citado anexo. Todo isto, coa finalidade de manter actualizada a produción e a comercialización de materiais forestais de reprodución.

Este real decreto foi sometido ao procedemento de información en materia de normas e regulamentacións técnicas previsto na Directiva 98/34/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de xuño, modificada pola Directiva 98/48/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de xullo, incorporada ao ordenamento xurídico interno polo Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo.

Na súa elaboración someteuse a consulta das entidades representativas dos sectores afectados e das comunidades autónomas.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, coa aprobación previa da daquela ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 2 de setembro de 2011,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 289/2003, do 7 de marzo, sobre comercialización de materiais forestais de reprodución.*

O Real decreto 289/2003, do 7 de marzo, sobre comercialización de materiais forestais de reprodución, queda modificado como segue:

Un. A letra j) e o punto 3.º da letra k) do artigo 2 quedan redactados do seguinte modo:

«j) Provedor: toda persoa física ou xurídica dedicada profesionalmente á produción, comercialización ou importación de material forestal de reprodución.»

«k) 3.º As comunidades autónomas comunicarán ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño o órgano competente no seu territorio, co obxecto de poñelo en coñecemento da Comisión Europea.»

Dous. O número 3 do artigo 3 queda redactado do seguinte modo:

«3. A autorización dos materiais de base para a produción de materiais forestais de reprodución identificados, seleccionados, cualificados e controlados efectuaráa o órgano competente da respectiva comunidade autónoma, que comunicará os ditos materiais de base á Dirección Xeral de Medio Natural e Política Forestal.»

Tres. As letras a) e b) do número 3, e o número 4 do artigo 6 quedan redactados nos seguintes termos:

«a) Para aquelas especies cuxa área de distribución supere o territorio dunha comunidade autónoma, logo de informe do Instituto Nacional de Investigación e Tecnoloxía Agraria e Alimentaria e dos órganos competentes das comunidades autónomas afectadas, a Dirección Xeral de Medio Natural e Política Forestal autorizará a delimitación das necesarias rexións de procedencia, que se definirán por límites administrativos, xeográficos e de altitude.»

«b) Cando se trate de especies cuxa área de distribución estea incluída exclusivamente no territorio dunha comunidade autónoma, a delimitación e autorización das rexións de procedencia efectuaráa o órgano competente da respectiva comunidade autónoma, que as porá en coñecemento da Dirección Xeral de Medio Natural e Política Forestal.»

«4) O Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño publicará no «Boletín Oficial del Estado» o Catálogo nacional das rexións de procedencia, que incluírá os mapas de situación de estas. Este ministerio enviará os citados mapas á Comisión Europea e aos demais Estados membros, a través da canle correspondente.»

Cuatro. O artigo 7 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 7. *Rexistro Nacional e Catálogo nacional de materiais de base.*

1. A Dirección Xeral de Medio Natural e Política Forestal, en colaboración cos órganos competentes das comunidades autónomas, elaborará un Rexistro Nacional de Materiais de Base das especies reguladas por este real decreto, para a produción dos materiais forestais de reprodución identificados, seleccionados, cualificados e controlados.

Este rexistro nacional conterá os datos que figuran no anexo X, relativos a cada unidade de admisión coa súa referencia de rexistro única, que serán facilitados polo órgano competente da respectiva comunidade autónoma.

2. A Dirección Xeral de Medio Natural e Política Forestal elaborará un resumo do referido rexistro en forma de lista nacional, que se denominará Catálogo

nacional de materiais de base, que publicará no «*Boletín Oficial del Estado*» e enviará á Comisión Europea, de conformidade co modelo establecido no Regulamento (CE) n.º 1597/2002 da Comisión, do 6 de setembro de 2002, polo que se establecen disposicións de aplicación da Directiva 1999/105/CE do Consello, con respecto ao formato das listas nacionais dos materiais de base dos materiais forestais de reprodución.

Para a elaboración do mencionado catálogo nacional extraeranse do rexistro os seguintes datos:

- a) Nome botánico da especie.
- b) Categoría do material forestal de reprodución.
- c) Obxectivo do material forestal de reprodución.
- d) Tipo de material de base.
- e) Referencia do rexistro, código de identificación do material de base ou código da rexión de procedencia.

f) Situación: nome de localización e, segundo a categoría:

1.º Para «material identificado»: rexión de procedencia, provincia, termo municipal, latitude e lonxitude ou franxa de latitude e lonxitude e, se for o caso, número de utilidade pública e/ou número de elenco.

2.º Para «material seleccionado»: rexión de procedencia, provincia, termo municipal e a súa situación xeográfica, definida pola súa latitude e lonxitude ou franxa de latitude e lonxitude.

3.º Para «material cualificado»: a posición ou posicións xeográficas exactas en que se manteñen os materiais de base.

4.º Para «material controlado»: a situación ou situacións xeográficas exactas en que se manteñen os materiais de base.

- g) Altitude ou franxa de altitude.
- h) Superficie: extensión de fontes de semente, matas ou sementeiros.
- i) Orixe: indícase se os materiais de base son autóctonos ou indíxenas, non autóctonos ou non indíxenas, ou se a súa orixe é descoñecida; para os materiais de base non autóctonos ou non indíxenas, débese comunicar a orixe, se se coñece.
- j) No caso dos materiais controlados, débese indicar se están modificados xeneticamente.

3. Co fin de poder asegurar, cando sexa necesario, a identificación do material de reprodución proveniente de clons e mestura de clons, o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño será o responsable do mantemento dunha colección de referencia dos clons admitidos no Catálogo nacional de materiais de base. Para este efecto, o órgano competente de cada comunidade autónoma deberá subministrar polo menos dez *ramets* de cada clon autorizado para o establecemento da mencionada colección.»

Cinco. O número 4 do artigo 10 queda redactado do seguinte modo:

«4. Os requisitos contidos nas letras b) e d) do número 2 non serán exixibles cando se trate de pequenas cantidades de sementes. A determinación das cantidades e condicións regúlase polo Regulamento (CE) n.º 2301/2002 da Comisión, do 20 de decembro de 2002, polo que se establecen as disposicións de aplicación da Directiva 1999/105/CE do Consello, no que atinxe á definición de pequenas cantidades de sementes.

No caso das especies mencionadas no anexo XII entenderase por pequenas cantidades de sementes calquera cantidade que non supere as cantidades establecidas para cada unha das diferentes especies no anexo XIV da presente norma.»

Seis. Os números 1, 2, 3, 4, 5, 8 e 9 do artigo 12 quedan redactados do seguinte modo:

«1. Atendendo á actividade principal que realizan, os provedores clasifícanse en:

a) Produtor: o que realiza a actividade de produción e pode realizar, ademais, calquera das outras sinaladas para os provedores.

b) Comerciante: o que realiza a actividade de importación, almacenamento ou comercialización ou posta no mercado.

En canto á autorización e rexistro dos produtores e dos comerciantes, seguirase o establecido na Lei 30/2006, do 26 de xullo, de sementes, plantas de viveiro e recursos fitoxenéticos e a súa regulamentación de desenvolvemento.»

«2. No Rexistro Nacional de Produtores de Sementes e Plantas de Viveiro, dependente da Dirección Xeral de Recursos Agrícolas e Gandeiros, figurarán todos os produtores de material forestal de reprodución inscritos nas comunidades autónomas.»

«3. Todo produtor que se propoña o establecemento, ou, se é o caso, variación dun campo de plantas nai para a produción de material forestal de reprodución a partir dun material de base do tipo clons ou mestura de clons deberá solicitálo ao órgano competente da respectiva comunidade autónoma, co fin de obter a correspondente autorización.

O citado órgano elaborará un rexistro dos campos de plantas nai, que se comunicará á Dirección Xeral de Medio Natural e Política Forestal para a inclusión dos seus datos no Rexistro Nacional de Materiais de Base.»

«4. O órgano competente da respectiva comunidade autónoma deberá garantir mediante un sistema de control oficial que os materiais de reprodución, procedentes de unidades de admisión individuais ou de lotes, seguen sendo claramente identificables durante todo o proceso, desde a recolección ata a entrega ao consumidor final. Efectuaranse de maneira regular inspeccións oficiais dos provedores rexistrados.

O referido sistema de control oficial comunicarase á Dirección Xeral de Recursos Agrícolas e Gandeiros, que o porá en coñecemento dos órganos competentes do resto das comunidades autónomas.»

«5. Co fin de garantir a asistencia administrativa mutua entre os Estados membros da Unión Europea e, en particular, cando os materiais forestais de reprodución se trasladen de España a outro Estado membro, o provedor deberá comunicalo ao órgano competente da respectiva comunidade autónoma que, pola súa vez, remitirá debidamente cuberto á Dirección Xeral de Recursos Agrícolas e Gandeiros o modelo de documento de información establecido no anexo do Regulamento (CE) n.º 1598/2002 da Comisión, do 6 de setembro de 2002, polo que se establecen disposicións de aplicación da Directiva 1999/105/CEE do Consello, no que respecta á asistencia administrativa mutua entre organismos oficiais.

As normas para realizar esta asistencia administrativa mutua estableceranse de conformidade co disposto no citado regulamento.»

«8. O mencionado órgano remitirá á Dirección Xeral de Recursos Agrícolas e Gandeiros, no primeiro semestre de cada ano, un resumo das citadas declaracións, relativo á campaña anterior, para a elaboración das estatísticas nacionais. »

«9. Representantes do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño poderán acompañar os expertos da Comisión Europea e os representantes dos órganos competentes das comunidades autónomas nos supostos en que se realicen controis sobre o terreo, en particular para comprobar o cumprimento dos requisitos establecidos neste real decreto.»

Sete. O número 2 do artigo 13 queda redactado do seguinte modo:

«2. De acordo co establecido no Regulamento (CE) n.º 1602/2002 da Comisión, do 9 de setembro de 2002, polo que se establecen disposicións de aplicación da Directiva 1999/105/CE do Consello, con respecto á autorización a un Estado membro para prohibir a comercialización ao usuario final de determinados materiais forestais de reprodución, o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, a través da canle correspondente, solicitará da Unión Europea a autorización para prohibir a comercialización ao usuario final, para a sementeira ou plantación, de materiais de reprodución específicos na totalidade ou parte do territorio, cando concorra algunha das seguintes circunstancias:

a) Que o uso dos citados materiais de reprodución, debido ás súas características fenotípicas ou xenéticas, podería ter repercusións negativas na silvicultura, no ambiente, nos recursos xenéticos ou na diversidade xenética das especies na totalidade ou parte do territorio español, baseándose en ensaios relacionados coa rexión de procedencia ou de orixe do material, ou en resultados de ensaios ou investigacións científicas realizados no lugar adecuado, dentro ou fóra da Unión Europea.

b) Que, a teor dos resultados coñecidos de ensaios ou investigacións científicas, ou dos resultados obtidos da práctica forestal sobre a supervivencia e o desenvolvemento das plantas no que se refire ás características morfolóxicas e fisiolóxicas, a utilización do dito material de reprodución podería ter repercusións negativas na silvicultura, no ambiente, nos recursos xenéticos ou na diversidade xenética das especies na totalidade ou parte de España.»

Oito. O artigo 14 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 14. *Requisitos menos severos.*

Cando, temporalmente, se presenten dificultades na subministración aos consumidores finais de materiais forestais de reprodución das especies que satisfagan as exixencias deste real decreto incluídas no anexo I, e que non se poidan superar no ámbito da Unión Europea, o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, a través da canle correspondente, por proposta da Dirección Xeral de Medio Natural e Política Forestal ou dos órganos competentes das comunidades autónomas, solicitará ante a Comisión Europea, de conformidade co correspondente procedemento comunitario, autorización para admitir a comercialización, por un período determinado, de materiais forestais de reprodución dunha ou máis das referidas especies que satisfagan requisitos menos severos.

Cando, temporalmente, se presenten dificultades na subministración aos consumidores finais de materiais forestais de reprodución de especies que satisfagan as exixencias deste real decreto incluídas no anexo XII, por proposta das comunidades autónomas, e logo de acordo favorable do Comité de Mellora e Conservación de Recursos Xenéticos Forestais, o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño autorizará a admisión para a comercialización, por un período determinado, de materiais forestais de reprodución dunha ou máis das referidas especies que satisfagan requisitos menos severos.

Cando se adopte a dita medida, as etiquetas e documentos do provedor exixidos en virtude do artigo 10.1 deberán especificar que os materiais en cuestión están «sometidos a requisitos menos severos».

Nove. O artigo 15 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 15. *Importación de países terceiros.*

1. Poderanse importar de países terceiros materiais forestais de reprodución destinados á comercialización se, previamente, o Consello da Unión Europea

determinou que os ditos materiais ofrecen as mesmas garantías, respecto da admisión dos seus materiais de base e das medidas adoptadas para a súa produción, que os materiais de reprodución producidos dentro da Unión Europea, de acordo coas normas comunitarias.

2. En canto non se decida o disposto no número 1, logo de autorización de conformidade co correspondente procedemento comunitario, o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño poderá admitir a importación dos citados materiais forestais de reprodución sempre que ofrezan, en todos os sentidos, garantías equivalentes ás dos materiais forestais de reprodución producidos na Unión Europea.

3. No caso de especies previstas no anexo XII, logo de acordo favorable do Comité Nacional de Mellora e Conservación de Recursos Xenéticos Forestais, o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño poderá autorizar a importación de países terceiros materiais forestais de reprodución destinados á comercialización, sempre que ofrezan en todos os sentidos garantías equivalentes ás dos materiais forestais de reprodución producidos de acordo con este real decreto.

En particular, estes materiais importados irán acompañados dun certificado patrón ou dun certificado oficial expedido polo país de orixe en que se indiquen as ditas garantías, así como os rexistros cos detalles relativos a todas as partidas que se vaian exportar, que deberán ser facilitados polo provedor do país terceiro.»

Dez. O artigo 16 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 16. *Exención de especies.*

O Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, a través da canle correspondente, poderá solicitar da Comisión Europea, conforme o correspondente procedemento comunitario, a exención, total ou parcial, do cumprimento das disposicións deste real decreto no que respecta a determinadas especies forestais que non sexan importantes para a súa utilización con fins silvícolas.»

Once. O artigo 18 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 18. *Réxime sancionador.*

En caso de incumprimento das disposicións deste real decreto, será de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto na Lei 30/2006, do 26 de xullo, e no Real decreto 1945/1983, do 22 de xuño, polo que se regulan as infraccións e sancións en materia de defensa do consumidor e da produción agroalimentaria.»

Doce. Engádesse unha quinta disposición adicional, co seguinte contido:

«Disposición adicional quinta. *Utilización de sementes polo propio produtor.*

Os materiais forestais de reprodución destinados á utilización polo propio produtor deberán cumprir cos requisitos establecidos no capítulo II para a produción con vistas á comercialización, sempre e cando a cantidade de semente utilizada sexa superior á prevista no Regulamento (CE) n.º 2301/2002 da Comisión, do 20 de decembro de 2002, ou no anexo XIV desta norma.»

Trece. A disposición derradeira segunda queda redactada do seguinte modo:

«Disposición derradeira segunda. *Habilitación normativa e facultade de aplicación.*

Facúltase o ministro de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño para ditar, no ámbito das súas competencias, as normas necesarias para a aplicación do disposto neste real decreto.»

Catorce. A disposición derradeira terceira queda redactada do seguinte modo:

«Disposición derradeira terceira. *Modificación dos anexos.*

1. O Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño poderá modificar os anexos XI e XIII.

2. O Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño poderá modificar os anexos non comprendidos no número anterior, sempre que a modificación veña imposta pola normativa comunitaria e se acomode a ela.

3. A modificación do anexo XII efectuarase logo do informe preceptivo do Comité para a mellora e conservación de recursos xenéticos forestais, tras as consultas pertinentes e por proposta das autoridades competentes.»

Quince. Engádesse un anexo XIV, que se xunta como anexo do presente real decreto.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 5 de setembro de 2011.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Medio Ambiente,
e Medio Rural e Mariño,
ROSA AGUILAR RIVERO

ANEXO

«ANEXO XIV

Pequenas cantidades de sementes ás cales se refire o artigo 10.4
para as especies do anexo XII

Especie	Cantidade – (g)
<i>Arbutus canariensis</i> Veill	50
<i>Arbutus unedo</i> L.	50
<i>Ilex aquifolium</i> L.	800
<i>Juglans</i> spp.	60.000
<i>Juniperus communis</i> L.	200
<i>Juniperus oxycedrus</i> L.	800
<i>Juniperus phoenicea</i> L.	200
<i>Juniperus thurifera</i> L.	800
<i>Olea europaea</i> Brot	5.000
<i>Phoenix canariensis</i> Hort	8.000
<i>Pinus uncinata</i> Mill	200
<i>Pistacia atlantica</i> Desf	1.500
<i>Quercus canariensis</i> Willd	40.000
<i>Quercus coccifera</i> L.	30.000
<i>Quercus faginea</i> Lam	40.000
<i>Quercus pyrenaica</i> Willd.	40.000
<i>Sorbus aria</i> Crantz	400
<i>Sorbus aucuparia</i> L.	80
<i>Tamarix gallica</i> L.	40
<i>Taxus baccata</i> L.	1.000
<i>Tetraclinis articulata</i> Masters	200
<i>Ulmus glabra</i> Huds.	150
<i>Ulmus minor</i> Mill.	150»